

Referencia:	2020/1295G
Procedemento::	Liquidación y pago de subvenciones a los grupos políticos
Interesado:	GRUPO PROVINCIAL POPULAR , LUIS MANUEL VERGARA GOMEZ
Representante:	LUIS MANUEL VERGARA GOMEZ
INTERVENCIÓN (4158)	

INFORME

Servizo de Intervención

Nº ref.: XUSFIFICACIÓN SEMESTRAL PARCIAL ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS, LEXISLUTRA 2019-2023.

ASUNTO: Xustificación semestral parcial en relación coas asignacións ao Grupo Provincial Popular, correspondente ao período xullo – decembro 2019. Lexislatura 2019-2023.

De acordo coa base 67 c) 2. das bases de execución do orzamento 2020, aprobada no Pleno de data 27 de setembro e 2019,

Primeiro, no punto 2. da base 67 c), indica: “a subvención aos grupos políticos provinciais estará destinada exclusivamente ao financiamento dos seguintes gastos:

a) **Gastos de funcionamento do grupo político.** Para estes efectos, non se considerarán en ningún caso como gastos subvencionables os seguintes:

- *Gastos en comida e bebida*

- *Remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación*

- *Adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.* Para estes efectos, non terán a consideración de gastos en adquisición de activos fixos de carácter patrimonial os sinalados no artigo 108.2 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

b) **As aportacións realizadas desde os grupos políticos aos partidos políticos para o financiamento dos seus gastos ordinarios de funcionamento”.**

Terceiro, no punto 4. da base 67 c), indica: “sen prexuízo da xustificación final, que se

realizará ao remate de cada mandato conforme ao establecido no apartado 5 desta base, os grupos estarán obrigados a presentar unha xustificación semestral nos termos seguintes:

a) **O portavoz de cada grupo provincial presentará ante a Intervención Xeral da Deputación Provincial, no mes posterior ao termo de cada semestre natural, unha xustificación dos gastos realizados no período, conforme ao modelo anexo II destas bases (en formato idéntico ou semellante a unha conta de perdas e ganancias da contabilidade levada polo grupo) así como unha copia do extracto bancario no que se reflectan todos os movementos da conta corrente aberta polo grupo político, relación que deberá ser asinada polo portavoz respectivo facendo constar que os devanditos pagamentos efectuáronse exclusivamente para atender gastos subvencionables.**

Para a xustificación das aportacións transferidas aos partidos políticos deberá xustificarse o movemento baixo o epígrafe de “Aportación para o financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do partido”, debendo acompañarse escrito, asinado polo portavoz do grupo e polo responsable da xestión económico-financieira do partido político, no que se declare que a aportación realizada o foi para a colaboración nos gastos ordinarios de funcionamento do partido.

Os grupos políticos poderán designar un responsable económico do grupo distinto ao portavoz, ao que corresponderán as obrigas establecidas nesta base de execución para o portavoz. Para ser efectiva, esta designación deberá comunicarse á Intervención provincial, mediante escrito asinado polo portavoz e acompañado da acta da designación do tesoureiro do grupo, asinada por tódolos seus integrantes.

b) **A fiscalización do gasto pola Intervención limitarase a comprobar que se presentou a documentación co formato establecido no apartado anterior, subscrita polo portavoz do grupo e, no seu caso, que se procedeu ao reintegro da parte non xustificada.**

c) **O resultado desta fiscalización limitada reflectirase nun informe da Intervención Xeral da Deputación.**

d) Serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia da Deputación de Ourense os estados – resumo, a declaración das aportacións aos gastos do partidos e o informe de Intervención. A publicación realizarase polos propios servizos da Corporación.

e) No mes de xaneiro seguinte a cada anualidade xustificada, os informes da Intervención Xeral, xunto coa documentación presentada polos respectivos grupos provinciais existentes remitirase ao departamento de partidos políticos do Tribunal de Contas.

No punto 5. Xustificación final da subvención *“Sen prexuízo da obriga de xustificación parcial semestral establecida no apartado anterior, as subvencións aos grupos entenderanse destinadas de modo indistinto á atención dos gastos subvencionables que se produzan ao longo de cada mandato, incluíndo o período en que a Corporación se atope en funcións. En consecuencia, a parte da subvención non xustificada en cada semestre continuará a disposición do grupo ata a constitución da nova Corporación.”*

En base ao anteriormente exposto, procedeuse a realizalo correspondente requirimento de **xustificación semestral parcial de data 28 de xaneiro de 2020**, en relación ás asignacións correspondentes ao período comprendido entre xullo a decembro de 2019.

En data 4 de febreiro de 2020 e rexistro de entrada número 2020/5172, o Grupo Provincial Popular presentou a seguinte documentación:

- Escrito de manifestación do cumprimento das obrigas establecidas na base 67 das bases de execución do orzamento de 2020, en relación cos fondos percibidos pola Deputación de Ourense e en relación coa contabilización dos mesmos.
- Estado resumo da contabilidade do grupo provincial do período requirido (xullo – decembro 2019).
- Extracto bancario do total dos movementos da conta corrente pertencente ao grupo provincial.
- Certificados emitidos polo xerente provincial do Partido Popular de Ourense, de datas 6 de setembro de 2019, 7 de novembro de 2019 e 30 de decembro de 2019, polos importes de 2.500,00€, 8.000,00€ e 6.000,00€ respectivamente, no que se fai constar que se recibiron ditos importes mediante transferencia bancaria do Grupo Provincial Popular e cuxo destino foi integramente para os gastos ordinarios de funcionamento do Partido Popular na provincia de Ourense.

Revisada a documentación aportada polo Grupo Provincial Popular, **fanse as seguintes matizacións:**

- En relación co estado resumo da contabilidade do grupo provincial do período requirido (xullo – decembro 2019), no que se reflicten as contas do semestre, tal e como se indica na seguinte táboa:

INGRESOS	69.805,34€
GASTOS	62.582,30€
REMANENTE	690.33€

Para a obtención do remanente ten en conta o saldo da conta bancaria, e os ingresos e gastos da anterior corporación.

Neste senso, so se poden aplicar os ingresos e gastos correspondentes á corporación actual e o semestre correspondente, polo que segundo os datos presentados o resultado do estado resumo da contabilidade quedaría como segue:

INGRESOS	69.805,34€
GASTOS	62.582,30€
REMANENTE	7.223,04€

En vista da documentación presentada, **conclúese, que o resultado da fiscalización do semestre comprendido entre os meses de xullo a decembro de 2019, é CONFORME.**

O que se informa aos efectos oportunos.

Asinado electronicamente por MONICA
LEGASPI DIAZ - 33326127R
Interventora
21/09/2020 - 11:30:16